

Sabes que dixo a tía Estrela?

Falaban Antía e Xoán
á sombra da laranxeira
unha tarde de verán.

–Sabes que dixo a tía Estrela?
Que ten a cidade unha praza
onde colle a vila enteira!

–Ti non cres que esaxerou?
A cidade non é xigante,
non hai praza semellante!

–E dixo que os rañaceos
lles fan cóxegas ás nubes
aló no alto do ceo!

–Debe de estar tola!
Que barbaridade...
Contouche unha boa trola!

–Pode ser que esaxerase...
Temos que ir alí un día
e pescudar a verdade.

–Os dous xuntos? Máis non se fale!



1 Arrodea os personaxes que interveñen na conversa anterior.



Antía



A tía Estrela



Xoán

2 Marca. Onde se atopaban
os rapaces se estaban
á sombra da laranxeira?



Debaixo da laranxeira.



Enriba da laranxeira.

3 Relaciona cada palabra da lectura co seu significado.

rañaceos

Aquilo que se presenta como certo, pero é falso.

barbaridade

Investigar para chegar a saber algo.

trola

Dito sen sentido, contrario á razón.

pescudar

Edificio que alcanza unha grande altura.

5 Escribe a carón de cada afirmación se é verdadeira ou falsa.

- Unha mañá de primavera, Xoán e Antía falaron sobre a cidade. ▶
- Xoán explicoulle a Antía o que a tía Estrela lle contara sobre a cidade. ▶
- A tía Estrela dixo que nunha praza da aldea collía a cidade enteira. ▶
- Antía pensaba que o que contaba Estrela da cidade era certo. ▶
- Xoán cría que quizais a tía Estrela esaxerara ao falar da cidade. ▶

6 Responde.

- Que lle suxire Antía a Xoán ao final do texto?
- Xoán quere ir á cidade con Antía? Como o sabes?